

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

971

1420, febreiro, 13. Lugo

O Cabido de Lugo afóralles a Afonso Fernández, clérigo do coro, e a dúas voces tres cuartos do muíño da Régoa, próximo á cidade, por renda anual o primeiro beneficiario de 12 maravedís e as voces 15 maravedís.

MADRID, AHN, Cód. 416 B, f. 137 r.

Sabeam quantos esta carta de aforamento virem como nos o dean, personas, coengos et beneficiados et omes boos do cabidoo da igreſia de Lugo seendo juntados en noso cabidoo dentro en o tesouro da dita igreſia por campaa tangida, segundo que avemos de uso et de custume, avendo primeiramente noso consello et deliberaçon, et de consintimento et outorgamento de don Rodrigo Afonso, juyz de Lugo et amystrador do mes de janeyro por lo cabidoo da igreſia de Lugo, et de Lopo Ferrnandes, coengo de Lugo, rendeyro prinçipal dos aniversarios da dita igreſia de Lugo, que estan presentes et outorgantes, damos aforo et avervo a vos Afonso Ferrnandes de Teyxeyro, clerigo do coro da igreſia de Lugo, et a outras duas persoas despoys de voso finamento huna qual vos nomeardes en vosa vida ou a tempo de voso finamento, et a outra persoa que seia aquela persoa que nomear aquela que por vos for nomeada, os tres cuartos do moyno da Regoa que he en a agoa da Chanca cerca da çiuidade de Lugo, dos quaes ditos tres cuartos do dito moyno son os dous delles da dita amystraçon, et ho outro cuarto son dos ditos anyversarios da dita igreſia de Lugo; o qual dito moyno he sub signo da Capela de Santiago da çiuidade de Lugo, o qual vos ora teedes et usades a jur et a mao et en posison; et os quaes ditos tres cuartos do dito moyno vos aforamos con todas suas entradas et saydas et agoas estantes et correntes et con todas las outras cousas perteesçentes a os ditos tres cuartos do dito moyno, a a tal pleyto et condiçon que vos et as outras persoas, que despoys de vos suçederen en o dito foro, tenades o dito moyno feyto et cuberto et moente et corrente et reparado et en boo paramento; et dedes et pagedes de foro et penson del en cada hun ano vos, o dito Afonso Ferrnandes, en vosa vida dose maravedis de moneda vella et de dineiros novees cada moravedi et de longos: oyto a o que tener a dita amystraçon et quatro a o que tener (sic) rendeyro dos ditos anyversarios, et as outras persoas, que despoys de vos suçederen en o dito foro, que de et pague cada huna delas de foro et penson cada ano por los ditos tres cuartos do dito moyno, quinse maravedis da dita moneda et de longos: des maravedis a o que for amistrador da dita amystraçon, et çinquo maravedis a o que for rendeyro dos ditos anyversarios, et que os pagedes vos et as ditas persoas de cada ano en salvo en a çiuidade de Lugo por dia de San Martino de novembro; et con condiçon que as persoas que despoys de vos suçederen en o dito foro que seian teudas et obrigadas de vir mostrar en como fican persoas do dito foro et de o reçeberen do dito cabidoo do dia que en el suçederen et ficaren por persoas ata trinta dias primeyros seguintes, et non no comprindo asy que pergán o dito foro. Et a finamento da pustrumeyra persoa que suçeder en o dito foro que o dito moyno fique feyto et cuberto et moente et corrente et as presas del feytas et ben reparadas a a dita amystraçon et aniversarios con todos los boos paramentos que en el foren feytos.

Et eu, o dito Afonso Ferrnandes, que presente estou por min et por las ditas persoas, que despoys de min suçederen en o dito foro, asy reço bo este dito foro de vos, o dito dean et cabidoo, que me fasedes dos ditos tres cuartos do dito moyno por las maneyras et condiçoens sobreditas, et obligo a min et a meus bees et das ditas persoas de o comprirmos, pagarmos et atendermos segundo et en a maneyra que en esta carta de foro he conteudo. Et nos, o dito dean, et cabidoo con consintimento dos ditos don Rodrigo Afonso, juyz, et Lopo

Fernandes, coengo, que estan presentes asy vos lo outorgamos. Et porque esto seia certo nos as ditas partes rogamos et mandamos a o notario iuso escripto que fesese desto duas cartas de foro anbas feytas en hun tenor huna para vos, o dito Afonso Fernandes, et para as ditas persoas depouys de vos, et outra que a lançase en o libro do dito cabidoo, et as signase de seu signal, et por mayor firmiedue mandamos seelar a carta de vos, o dito Afonso Fernandes, con o selo do dito cabidoo.

Que foy feyto et outorgado en a çuidade de Lugo dentro en o tesouro da dita iglesia de Santa Maria, trese dias do mes de freveyro, ano do nasçemento de noso señor Jhesu Christo de mill et quatroçentos et viinte anos.

Testemoyas que foron presentes et outorgaron o que sobredito he: don Juan Martines, dean de Lugo; dom Afonso Lopes, chantre de Lugo; dom Rodrigo Afonso, juys; Lopo Lopo (sic) Dias, mestrescola; Pedro Fernandes de Tendilla, thesoreyro; Pedro Lopes, Lopo Fernandes, Afonso Teyxeyro, Rodrigo Ares, Juan Lopes, Fernan Rodrigues, Fernando Peres, Johan Dias, Ares Afonso, coengos; Fernando Fernandes, Fernando Rodrigues, Fernan Yanes, raçoeyros da dita iglesia; et Mestre Juan, porteyro do dito cabidoo, ts.

Et eu Pedro Fernandes de Silvarrey, notario publico da çuidade de Lugo por la autoridade do señor Obispo et iglesia dese lugar, a todo esto que dito he con as ditas testemoyas presente foy et esta carta fis scripvir, et aqui puge meu signal en testemoyo de verdade que tal he (signo).

Pedro Fernandes, notario.